



Memoria da Presidencia

José Federico Nogueira Fernández, na súa calidade de Presidente do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, mediante o presente documento e dando cumprimento ó disposto polo artigo 168.1.a) do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, artigo 18.1.a) do Regulamento que desenvolve parcialmente ese Texto, aprobado polo Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, e en relación co disposto polo artigo 14.4 dos Estatutos deste Consorcio, aprobados polo Decreto 258/2002, do 30 de xullo (con modificado por mor do Decreto 151/2006, do 31 de agosto), formulo a presente Memoria explicativa do contido do Orzamento deste Consorcio para o exercicio de 2009 e das principais modificacións que presenta respecto ó do aprobado para 2008.

Consideracións previas:

O Orzamento que se propón para a súa aprobación polo Pleno constitúe o sétimo documento orzamentario do Consorcio e, da conta da definitiva consolidación do Consorcio e desde un dobre punto de vista:

- ✓ Por unha banda e como xa reflectía o Orzamento do exercicio de 2008, aparecen recollidos a totalidade dos parques comarcais que os Estatutos aprobados no segundo semestre de 2002, establecían para esta Entidade, lémbrese que a eses efectos a vixente disposición adicional indica que o Consorcio iniciará o seu funcionamento cos Parques de Arteixo, Boiro, Carballo e Ordes, engadindo que os de Arzúa, As Pontes, Betanzos, Cee, Santa Comba e a Subse de Ribeira iranse incorporando de xeito gradual ... pois ben, o proxecto do Orzamento de 2009 ademais de recoller efectivamente a xestión para o funcionamento da totalidade dos establecidos, inclúe un novo: o parque comarcal de bombeiros de Ames, o que obriga á modificación dos estatutos en expediente que, de feito, se ten xa iniciado. Esta novidade provoca cambios, tanto no que importa aos novos investimentos que se teñen que realizar como aos gastos previstos pola xestión do parque e, no que toca aos primeiros, o proxecto de Orzamento recolle tamén outra novidade "estatutaria", xa que logo, as achegas a realizar polas dúas Administracións que forman o Consorcio, prevese que se fagan nun 50 por 100 para cada unha, de xeito que, tamén neste extremo, se terán que modificar os estatutos polo que o citado expediente para o facer, tamén recolle a conseguinte modificación do art. 23 daqueles.
- ✓ Por outra banda, como queira que os novos investimentos realízanse polas dúas Administracións, tamén e moi superior o estado de ingresos (o Capítulo VII) respecto do Orzamento de 2008 (no que ese mesmo capítulo carecía de previsión), engadido o cal, vai ser a Xunta de Galicia quen se faga cargo da construción do inmobile e elementos conexos da urbanización da parcela, polo que as achegas finais en investimentos, calcularanse en función do investimento final que desa construción resulte e financiamento ao respecto que se acorde.

Sobre a base das anteriores consideracións e xunto coa colaboración e suxestións realizadas pola Xerencia nas funcións que a estes efectos lle atribúe o artigo 16.2.b) dos Estatutos, a continuación se desenvolven, respecto ós Estados de Gastos e Ingresos, capítulo por capítulo, as novidades introducidas e as xustificacións ó respecto, finalizando esta Memoria cunha conclusión de resume do exposto.

Estado de Gastos:

Dentro do **Capítulo I**, e como se explica no Anexo de Persoal, se recollen as retribucións do persoal do Consorcio unha vez concluídas os procesos selectivos das prazas que a R.P.T. aprobada con ocasión do Orzamento de 2007, recollía a posterior Oferta Pública de Emprego, inclúese, tamén



como no Orzamento de 2008 unha praza de carácter temporal, co obxecto de se poder cubrir eventuais baixas o vacacións (se así fora preciso) de persoal administrativo e auxiliar así como por mor da maior carga de traballo dos efectivos.

Aplícanse (como indica dito Anexo) os incrementos retributivos que establece ao efecto o proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2009, tanto para o persoal funcionario como laboral fixo, incluíndo os elementos retributivos que pola antigüidade corresponden a cada un dos efectivos.

Respecto do **Capítulo II**, reflicte unha continuidade resultante do sinalado nas Consideracións previas:

1. Os gastos asignados a Órganos de Goberno, e administración xeral, non sofren variacións substantivas nin cuantitativamente relevantes (inclúese algunhas innovacións, como aluguer financeiro do vehículo da xerencia por mor dos quilómetros e avarías do actual, o mantemento e conservación da páxina web que se está confeccionando, etc.)
2. Respecto das obrigas previstas no grupo de función 2, poden subliñarse:
 - a) No que respecta ás derivadas dos contratos de concesión da xestión indirecta do servizo dos distintos parques comarcais de bombeiros, aparecen orzamentados, como se indicou nas Consideracións previas, a totalidade dos nove parques e sub-parque que recollen os Estatutos, incrementándose os que estaban xa en funcionamento e de acordo cos contratos, na porcentaxe do 5,50 por 100 respecto das contías vixentes en cada contrato. Asemade, reflíctese como tamén se indicou o gasto corrente que pode xerar no último trimestre do exercicio a posta en funcionamento do parque comarcal de bombeiros de Ames.
 - b) Respecto do resto das obrigas, non existen variacións substantivas respecto a 2008, pois tamén aparecen orzamentados importes tanto para reparación e conservación de edificios como para reparación de vehículos que, sobre a base dos contratos citados, non lle corresponderían ós concesionarios.

Por lo que toca ó **Capítulo III**, como pode observarse, non sofre variación ningunha respecto á cantidade presupostada para os exercicios de 2008 e anteriores e, vistas as liquidacións dos mesmos, supón máis unha medida prudente que unha obriga que derive nun gasto efectivo a realizar.

En relación co **Capítulo IV**, queda, como en 2008 e precedentes, sen consignación ningunha, toda vez que o Consorcio carece das obrigas inherentes ás transferencias correntes.

O **Capítulo VI** recolle obrigacións de natureza semellante respecto do Orzamento de 2008 no que toca aos investimentos xerais nos parques pero aparece reflectido o crédito que comportará, como máximo, as necesidades para os vehículos de intervención e equipamento do novo parque previsto, de forma que:

1. A totalidade dos investimentos orzamentados pertencen, ao Grupo de Función II, é dicir, con destino ós Parques Comarcais, cuxo financiamento, no que respecta aos parques "en xeral" é de conta, no 100% dos recursos propios de carácter tributario (especialmente os procedentes das contribucións especiais) do Consorcio, pero, no que respecta ao novo parque de Ames, vai de conta o gasto, das, á súa vez, achegas das Administracións consorciadas.
2. Igual que para o exercicio de 2008 e 2007, os denominados investimentos xerais, pretenden reforzar ou mellorar os existentes (edificios, instalacións, equipos, etc.) e, por outra, e sobre a base de que a actual formación do Consorcio, como xa se puxo de manifesto en exercicios precedentes, entende que todos os Parques deben contar coas dotacións principais de forma igual, a fin de que os recursos e medios dos parques estean homoxeneizados, posto que o servizo que representan debe prestarse na provincia, sen distinción ningunha de comarcas e poboacións, por ilo aparecen, e se explican no Anexo de Inversións distintos investimentos destinados a mellorar o conxunto dos dez parques comarcais de xeito que poda, ano a ano, acadarse os mellores equipamentos e a dita homoxeneización e, consecuentemente, se sirva mellor ós cidadáns a quen se presta o servizo.



No que afecta ós **Capítulos VII, VIII e IX** non experimentan variación respecto dos exercicios de 2008 e precedentes, non recolléndose, consecuentemente, consignación ningunha naqueles.

Estado de ingresos:

Os **Capítulos I e II**, aparecen con previsión inicial de 0,00 €, igual que en exercicios de 2008 e os anteriores, polo feito de carecer o Consorcio das imposicións, directa e indirecta, que aqueles recollen.

O **Capítulo III** presenta unha continuidade na natureza das previsións incluídas en 2008, recolléndose idénticas previsións que para 2008 en tódolos aspectos.

Respecto ó **Capítulo IV** reflicte, como en 2008, de forma separada, as previsións de ingresos en función dos distintos fins ós que van destinados así como pola orixe (Xunta de Galicia ou Deputación Provincial de A Coruña) das achegas, sendo lóxicamente as de maior importancia, as que afectan ás xestións indirectas dos parques e, respectándose, nesa orixe de fondos, as porcentaxes estatutarias.

En canto ás previsións incluídas nos **Capítulo V e VI**, non experimentan variación ningunha respecto dos exercicios de 2008 e precedentes e: si no primeiro queda previsto o mesmo ingreso polos intereses percibidos polas contas correntes da Entidade (aínda que foron superados), no que toca ó segundo, tendo en conta que non se prevé venda de patrimonio desta Administración, lóxicamente, a previsión de ingreso é de 0,00 €.

No que respecta ás transferencias de capital recollidas no **Capítulo VII**, ao contrario do que ocorreu co Orzamento de 2008 (e 2007) como xa se puxo de manifesto, aparecen recollidas as previsións de ingreso en función do gasto previsto nos investimentos do novo parque comarcal de bombeiros de Ames, no que toca aos vehículos de intervención e equipamento, como tamén se recolle no Anexo de Inversións e, tendo en conta tamén, o reparto nas ditas achegas ao que se fixo referencia nas Consideracións previas.

Por último, os **Capítulos VIII e IX**, non recollen previsión de ingreso ningún, como ocorreu en todos os anteriores exercicios.

Conclusión:

O Orzamento que se propón para a súa aprobación, reflicte un incremento do 26,11% respecto do aprobado para o presente exercicio de 2008, xustificando, no incremento de dous capítulos do estado de gastos: o Capítulo II (e dentro deste, o Grupo de Función II), e moi especialmente o Capítulo VI (aparellado nas achegas do VII de ingresos), polo incremento dos investimentos como consecuencia da ampliación da área de cobertura do Consorcio que leva aparellado o parque comarcal de bombeiros de Ames, supeditado, en todo caso, tamén o cambio de financiamento, a aprobación das correspondentes modificacións nos vixentes estatutos deste Consorcio.

A presente Memoria, xúntase co resto da documentación elaborada, ao Proxecto de Orzamento deste Consorcio para o exercicio de 2009, a fin de que, completado en legal forma o contido do expediente, poida examinarse polo Pleno da Entidade, quen, como órgano competente, realizará as actuacións de aprobación, emenda ou devolución, e para o que se somete ó seu fundado criterio.

Carballo, 16 de outubro de 2008.-

O presidente,



Asdo.: José Federico Nogueira Fernández